Problema975: Dados os seguintes polímeros:







a) Nomea os polímeros e formula e nomea o monómero correspondente.
b) Indica se son polímeros de adición ou de condensación.
c) Cita algunha aplicación de cada un deles.



a) É o policloruro de vinilo ou PVC.
O seu monómero é o cloruro de vinilo, ou cloroeteno.



b) O PVC é un polímero de adición.

c) Úsase como material de construción, xanelas, portas, tubaxes. Polas súas propiedades illantes como cubrición de cables eléctricos.



a) É o poliestireno.
O seu monómero é o estireno, etenilbenceno, ou vinilbenceno.



b) O poliestireno é un polímero de adición.

c) Úsase para: Fabricación de envases. Embalaxes de obxectos fráxiles. Carcasas de televisores, impresoras, portas e interiores de frigoríficos. Maquinillas de afeitar refugables. Xoguetes. Illantes térmicos e acústicos en construción.



a) É o caucho, cis-1,4-polisopreno, polímero do isopreno ou 2-metil-1,3-butadieno.
O seu monómero é o isopreno ou 2-metil-1,3-butadieno.



b) O caucho é un polímero de adición.

c) Úsase para fabricar pneumáticos, illantes, artigos impermeables, xoguetes, chupetes, preservativos, luvas, pelotas.